

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE TRABAJO E INMIGRACIÓN

**2322** *Corrección de erratas da Orde TIN/41/2009, do 20 de xaneiro, pola que se desenvolven as normas de cotización á seguranza social, desemprego, fondo de garantía salarial e formación profesional, contidas na Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009.*

Advertidas erratas no texto da Orde TIN/41/2009, do 20 de xaneiro, pola que se desenvolven as normas de cotización á seguranza social, desemprego, fondo de garantía salarial e formación profesional, contidas na Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 21, do 24 de xaneiro de 2009, procédese a efectuar a oportuna rectificación:

Na páxina 24, o artigo 42 debe quedar redactado como segue:

«Artigo 42. *Determinación das cotas.*

1. Durante o ano 2009, a cotización á seguranza social e demais continxencias protexidas polos traballadores que subscribisen un contrato para a formación efectuarase de acordo co seguinte:

a) A cotización á seguranza social consistirá nunha cota única mensual de 35,39 euros por continxencias comúns, dos cales 29,51 euros serán a cargo do empresario e 5,88 euros a cargo do traballador, e de 4,06 euros por continxencias profesionais, a cargo do empresario.

b) A cotización ao fondo de garantía salarial consistirá nunha cota mensual de 2,25 euros, a cargo do empresario.

c) Para efectos de cotización por formación profesional, aboarase unha cota mensual de 1,23 euros, dos cales 1,08 euros corresponderán ao empresario e 0,15 euros ao traballador.

d) As retribucións que perciban os traballadores en concepto de horas extraordinarias estarán suxeitas á cotización adicional regulada no artigo 5.

2. O previsto na alínea a) do número 1 será así mesmo de aplicación para a cotización do persoal investigador en formación de bolsa incluído no Real decreto 63/2006, do 27 de xaneiro, polo que se aproba o estatuto do persoal investigador en formación.

Este sistema de cotización non afectará a determinación das contías das prestacións económicas a que se teña dereito, respecto da cal se seguirá aplicando o importe da base mínima correspondente ao grupo primeiro de cotización do réxime xeral.»